

**I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE****I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

Para os efectos oportunos publícase que, con data 26 de maio de 2021, a Presidencia do Consorcio de Augas de Valdeorras, ditou o seguinte Decreto:

“Logo de ver o informe emitido polo enxeñeiro director da Área de Medio Ambiente, na súa condición de director técnico do Consorcio de Augas de Valdeorras, relativo á necesidade de prover, de xeito temporal, o posto de oficial de redes por baixa laboral do seu titular, o presidente do Consorcio resolve incoar de oficio o correspondente expediente, con data de 21 de xaneiro de 2021.

Tendo en conta o acordo da Comisión Executiva do Consorcio de Augas de Valdeorras, que tivo lugar o día 27 de xaneiro de 2021, polo que se aprobou por unanimidade realizar o proceso de provisión temporal do posto de oficial de redes ata que se incorpore o seu titular ou ata a contratación dun traballador fixo, no suposto de baixa definitiva do traballador titular e autorizar á Presidencia do Consorcio para que leven a cabo as actuacións que sexan precisas para a execución deste acordo.

A disposición adicional primeira da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense (BOP, 30 de xullo de 2020), establece que será de aplicación, coa extensión definida no seu artigo 1, aos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ou nomeamento de persoal funcionario interino que se realicen por parte dos organismos autónomos e entidades de dereito público dependentes da Deputación Provincial de Ourense.

Logo de ver o informe favorable do xefe do Servizo de Recursos Humanos e Formación, con data 18 de maio de 2021, relativo ao cumprimento do previsto na dita ordenanza, así como ao cumprimento da normativa actual que rexe para a contratación de persoal no sector público; o informe favorable á fiscalización previa, para a cobertura do dito posto da Área de Intervención, do día 19 de febreiro de 2021 e o informe favorable da Comisión de Control e Seguimento, na súa reunión do 21 de maio de 2021 e de conformidade co previsto na Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, publicada no Boletín Oficial da Provincia, do 30 de xullo de 2020, así como o previsto no artigo 19.4 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

Polo todo o anteriormente exposto e unha vez concluída a tramitación do expediente, formúlase a seguinte proposta de resolución:

1.- Aprobación da convocatoria para a contratación laboral temporal polo procedemento especial de urxencia dun/dunha oficial de redes/plantas (asimilado ao subgrupo C2) para o Consorcio Provincial de Augas de Valdeorras, debendo procederse á súa publicación na forma regulamentaria.

Bases para a contratación laboral temporal polo procedemento especial de urxencia dun/dunha oficial de redes/plantas para o Consorcio de Augas de Valdeorras

1.- Número e denominación da praza: oficial de redes/plantas (asimilado ao subgrupo C2)

2.- Tipo de contrato: interinidade.

3.- Duración do contrato: tres meses máximo.

4.- Sistema de selección: o procedemento selectivo será sempre o concurso, aplicándose para estes efectos o baremo establecido no artigo 6.1 da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral

temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense (BOP, 30 de xullo de 2020.)

5.- Perfil requirido para a contratación: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

6.- Prazo e lugar para a presentación de instancias: 5 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación, no Rexistro Xeral de entrada de documentos da Deputación Provincial de Ourense ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso, solicítase que se envíe copia da instancia ao enderezo electrónico: persoal@depourense.es, á espera de recibir o orixinal por correo ordinario.

7.- Solicitudes, contido e documentación anexa:

7.1. Os interesados deberán presentar xunto coa solicitude, ademais da titulación, o currículo profesional que xustifique que dispoñen da debida cualificación para o desenvolvemento das tarefas obxecto do contrato, así como os méritos que estimen oportuno alegar.

7.2. Os méritos deberán acreditarse a través dos seguintes medios:

- As titulacións académicas: mediante copia auténtica do correspondente título oficial ou do xustificante de cumprir os requisitos e ter aboados os dereitos para a súa expedición.

- Os cursos de formación: mediante certificado expedido pola entidade promotora da acción formativa, onde conste a denominación do curso e o seu número de horas. A certificación deberá incluír ademais a circunstancia de ter superada a proba de avaliación establecida para a obtención do diploma ou certificación, de ser o caso.

- No caso de servizos prestados en postos da mesma unidade administrativa ou cun contido funcional semellante: mediante certificación expedida pola administración correspondente, na que se especifiquen as funcións correspondentes ao posto de que se trate.

Para o resto de servizos prestados: mediante informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante orixinal dos contratos de traballo

Non será necesario achegar a documentación acreditativa dos méritos, dado que no suposto de que esta documentación non conste no expediente persoal dos interesados, ou no caso de que se trate de documentos que non estean en poder da Deputación, este organismo emitirá de oficio os documentos correspondentes.

8.- Órgano de selección: a selección da persoa contratada realizarase por un tribunal que está constituído por:

-Presidente: don Manuel Valentín Pérez Nieto (adxunto ao xefe do Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior).

-Vogais: dona Javier Bobe Vázquez (director da Área de Medio Ambiente), don Luis Viejo Rubio (xefe da Sección de Augas do Servizo de Augas e Medio Ambiente) e don Luis Salgado Vázquez (coordinador de obras e servizos da Área de Medio Ambiente)

-Secretario: don Esteban Fernández Álvarez (xefe da Sección de Xestión e Selección de Persoal do Servizo de Recursos Humanos e Formación)

10.- Proceso selectivo e baremo: unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal pasará a resolver sobre a admisión a trámite das solicitudes e á valoración das admitidas, segundo o seguinte baremo e de conformidade co artigo 6.1 da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense:



a) Polos servizos prestados na mesma ou análoga categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción. Entenderase por categoría profesional análoga aquela coa que a prevista nas bases garde unha relación de identidade esencial.

O cómputo realizarase sumando o tempo total de servizos prestados expresado en días e dividíndoo por trinta, aplicándolle ao cociente resultante o coeficiente de puntuación que corresponda segundo o baremo.

b) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.
- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.
- Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acredítaranse de conformidade co previsto no punto 8.2. das presentes bases, significándose que non se valorarán aqueles méritos que o tribunal considere que non estivesen suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Unha vez terminada a fase de valoración o tribunal remitirá a proposta á Presidencia da Deputación, que resolverá conforme á dita proposta, agás no suposto en que advirta que a dita proposta incorre en vulneración da legalidade vixente, en cuxo caso devolverá a proposta ao tribunal para a súa emenda no sentido que proceda.

11.- Recursos: contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Presidencia, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro ou poderase impugnar directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde a mesma data.

Anexo relativo ao réxime de protección dos datos persoais achegados coa solicitude:

Os datos persoais achegados coa correspondente solicitude incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense e serán tratados coa/s finalidade/s específicas de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obriga legal e/ou no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este responsable, para levar a cabo as súas funcións de selección e xestión do persoal, e/ou calquera outras inherentes á relación laboral/funcionarial. O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.

Os seus datos persoais unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, tras o consentimento previo ou de acordo co previsto na lexislación antedita.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é a Deputación

Provincial de Ourense, ou ante o seu delegado de Protección de Datos, no correo electrónico dpd@depourense.es. En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos."

O presidente. Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

Deputación Provincial de Ourense

Para los efectos oportunos se hace público que, con fecha 26 de mayo de 2021, la Presidencia del Consorcio de Aguas de Valdeorras, dictó el siguiente Decreto:

"Visto el informe emitido por el ingeniero director del Área de Medio Ambiente, en su condición de director técnico del Consorcio de Aguas de Valdeorras, relativo a la necesidad de proveer el puesto de oficial de redes, de manera temporal, por baja laboral de su titular, el presidente del Consorcio, resuelve incoar de oficio el correspondiente expediente, en fecha de 21 de enero de 2021.

Teniendo en cuenta el acuerdo del Consorcio de Aguas de Valdeorras en Comisión Ejecutiva, celebrada el 27 de enero de 2021, aprobando por unanimidad realizar el proceso de provisión temporal del puesto de oficial de redes hasta tanto no se incorpore su titular o hasta la contratación de un trabajador fijo en el supuesto de baja definitiva del trabajador titular, y autorizar a la Presidencia del Consorcio para que lleve a cabo las actuaciones que sean precisas para la ejecución de este acuerdo.

La disposición adicional primera de la Ordenanza reguladora de los procedimientos de selección de personal funcionario interino y laboral temporal al servicio de la Diputación Provincial de Ourense (BOP de 30 de julio de 2020) establece que será de aplicación, con la extensión definida en su artículo 1, a los procedimientos de contratación de personal laboral temporal o nombramiento de personal funcionario interino que se realicen por parte de los organismos autónomos y entidades de derecho público dependientes de la Diputación Provincial de Ourense.

Visto el informe favorable del jefe del Servicio de Recursos Humanos y Formación, de fecha 18 de mayo de 2021, relativo al cumplimiento de lo previsto en dicha ordenanza, así como al cumplimiento de la normativa actual que rige para la contratación de personal en el sector público; el informe favorable a la fiscalización previa para la cobertura de dicho puesto del Área de Intervención, de fecha 19 de febrero de 2021 y el informe favorable de la Comisión de Control y Seguimiento, en su reunión del 21 de mayo de 2021 y de conformidad con lo previsto en la Ordenanza reguladora de los procedimientos de selección de personal funcionario interino y laboral temporal al servicio de la Diputación Provincial de Ourense, publicada en el Boletín Oficial de la Provincia, de 30 de julio de 2020, así como lo previsto en el artículo 19.4 de la Ley 11/2020, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2021.

Por todo lo anteriormente expuesto, y una vez concluida la tramitación del expediente, se formula la siguiente propuesta de resolución:

1.- Aprobar la convocatoria para la contratación laboral temporal por el procedimiento especial de urgencia de un/a oficial de redes/plantas (asimilado al subgrupo C2) para el Consorcio Provincial de Aguas de Valdeorras, debiendo proceder a su publicación en la forma reglamentaria.